



## INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS SOBRE O FINAL DE CURSO (Ed. Primaria)

---

Curso 2019-2020

Prezadas familias de Ed. Primaria: Queremos lembrar as datas fundamentais destes últimos días de curso escolar na nosa etapa:

### ▪ **Venres 19 de xuño: DÍA DE PUBLICACIÓN DE NOTAS PARA PRIMARIA E REMATE DO CURSO ESCOLAR ACTUAL.**

- Os boletíns das notas finais de xuño **publicanse en salenet o VENRES 19 pola tarde a partir das 18:00.** Este curso non poñeremos nota da terceira avaliación no boletín porque así o regulan as últimas instrucións da Consellería.
- Trasladaremos a información que teñamos sobre o inicio do seguinte curso no momento no que recibamos instrucións precisas.

### ▪ **Martes 23 de xuño**

O profesorado atende as familias que o precisen entre as 9:30 e as 13:00 h. Seguiremos estas indicacións, obrigados polas circunstancias sanitarias:

- As familias que o desexen poderán poñerse en contacto cos mestres a través de salenet, do correo ou facendo unha **chamada** ao colexio **solicitando** unha cita. Esta cita será **preferentemente por correo** co profesor/a que necesiten falar, por teléfono ou por videoconferencia. Nestes dous casos, teléfono ou videoconferencia, xestionarase oportunamente a mellor forma de facelo.
- No caso de que soliciten unha **cita presencial** terá que ser **moi excepcional e despois de utilizar as outras vías.**
- Os xefes de estudos estarán no centro para atender presencialmente as familias que o precisen.

Sen outro particular e desexándovos un feliz final de curso, recibide o noso máis cordial saúdo.

*Xefaturas de Estudos de Ed. Primaria*